



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación, está a organizar para o vindeiro 13 de setembro o **“II Workshop Civil UAVs Initiative: Posta en marcha da fase B e novas convocatorias”**. Esta xornada enmárcase na aposta da Xunta de Galicia polo desenvolvemento dun polo tecnolóxico e industrial arredor dos vehículos aéreos non tripulados en Galicia.

Como poden as empresas galegas beneficiarse desta nova fase da iniciativa?

O workshop está especialmente dirixido ao **tecido empresarial galego e aos outros axentes interesados en participar na iniciativa**. Nel presentaranse as novas licitacións que vai lanzar a Xunta de Galicia nesta **fase B** por un montante total de **24 millóns de euros**, tras o acordo aprobado entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Economía e Competitividade.

A diferenza da Fase A, centrada no desenvolvemento dun programa de I+D+i, a Fase B ten como obxectivo o desenvolvemento de **solucións tecnolóxicas concretas e directamente aplicables**, baseadas en UAVs, que **melloren de forma efectiva a prestación de servizos por parte da Xunta**. A súa execución articularase mediante unha serie de licitacións específicas, abrindo un abano de **oportunidades de negocio**.

A posta en marcha desta segunda fase arrincou en setembro de 2015 co lanzamento dun proceso de **consultas preliminares ao mercado** a través do que se recibiron máis de **100 propostas de solucións innovadoras** para resolver os retos tecnolóxicos que propón esta iniciativa. Estas propostas tiveronse en conta para a definición das especificacións funcionais que agora serán presentadas neste segundo workshop e as primeiras

contratacións que se lanzarán a partir de agora. Ditas consultas preliminares permanecen abertas.

En que consistirá o II Workshop?

Durante a xornada, ademais de expor o estado de implementación da primeira fase da iniciativa, explicaranse de forma máis precisa as **necesidades funcionais da Xunta en relación ás distintas solucións tecnolóxicas innovadoras baseadas en vehículos non tripulados**. Asimesmo presentaranse as **primeiras licitacións que van ser postas en marcha**.

Neste workshop habilitaranse tanto áreas de **networking** entre asistentes e coa administración, como un **espazo para realizar presentacións de ideas de solucións innovadoras**.

Como podo participar?

Se estás interesado en participar no workshop que se celebrará o vindeiro 13 de setembro no Aeródromo de Rozas (Castro de Rei, Lugo) podes rexistrarte, así como consultar o programa provisional da xornada, na seguinte **ligazón**. Se desexas obter máis información sobre a iniciativa existe unha **páxina web propia**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexas recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.